


# FIADEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 18

V  
A  
L  
E  
R  
T  
Í  
R  
P  
A  
Z  
A  
R  
D  
R  
A  
D  
E



LETRAS GALEGAS 2012  
C.E.I.P. MONTEMOCOS  
BELUSO

# ÍNDICE

*TRABALLOS DE INFANTIL.*

*TRABALLOS DO PRIMEIRO CICLO.*

PRIMEIRO CURSO.

SEGUNDO CURSO.

*TRABALLOS DO SEGUNDO CICLO.*

TERCEIRO CURSO.

CUARTO CURSO.

*TRABALLOS DO TERCEIRO CICLO.*

QUINTO CURSO.

SEXTO CURSO.

*TRABALLOS DE PLÁSTICA.*

*TRABALLOS DO DEP. ORIENTACIÓN.*

*TRABALLOS DE RELIXIÓN.*

## EDITORIAL

Como todos os anos aos alumnos de sexto tócanos despedírnos e facémolo neste Fladeiro adicado a Valentín Paz Andrade con motivo do día das Letras Galegas.

Ao longo destes cursos aconteceron muitas cousas que sempre recordaremos. Por exemplo, cambiamos de director, antes estaba D. Pedro e agora a nosa directora chámase Dna. Vanessa.

Nesta escola de Primaria somos os maiores e na E.S.O seremos os máis cativos.

Queremos destacar que foron uns anos marabillosos nos que aprendemos muitas cousas, non só grazas aos libros tamén coas actividades escolares e coa Semana Cultural que esperamos que a sigan facendo todos os anos.

En preescolar, algúns estivemos en Cabalo e sempre queríamos ir ao cole dos "maiores" pero a profe Carmen dicíanos que para iso "tlñamos que saber todo".

No 1º ciclo estabamos divididos en dúas aulas. En 1º algúns estivemos con Guillermo e no 2º curso, algúns tivemos un profesor moi bo chamado Pedro, que se facíamos ben os exercícios dábanos sudokus e diplomas. En 3º tivemos á profe Carmen algúns, era moi boa e pasámoslo xenial con ela. As clases A e B xuntáronse en 4º, 5º e 6º.

Durante estes anos fixemos traballos sobre escritores, fomos de excursión a moitos lugares e durante os recreos xogamos ligas de balonmán, fútbol e baloncesto.

Algúns da clase fomos mediadores: Ana, Rubén, André, Sabela, Raquel e Christian. Gustounos mucho a experiencia porque aprendemos muitas cousas.

En resumo, estes cursos foron divertidos e un pouco difíciles. Nunca olvidaremos este colexiño nin a aula con pizarra dixital.

Agora lmos marchar para o Instituto e botarémosvos muito de menos. Na ESO teremos mucho que estudar. Marchámonos con recordos, cousas que aprendemos e con moltos amigos.

Este curso ainda non rematou,

Se queredes que remate,  
un saúdo aos de sexto  
teredes que dar;  
e eles a vós  
moitas grazas vos darán.

Ós alumnos de 6º curso de Primaria gustaríanos que os nenos que están agora no colexio o pasasen tan ben como nós ao longo destes cursos. Desexamos que dentro duns anos poidades contar todas as vosas andanzas igual ou mellor ca nós. Esperamos que o pasedes ben, pero tendes que estudar e facer os deberes. Hal tempo para todo.

Botarémosvos de menos, Bicos e apertas. Adeus.

Os nenos de 6º

### Los seis mejores años de mi vida

Llevo estudiando varios años en el colegio de Beluso y voy a resumirlos en unos cuantos párrafos.

Cuando tenía seis años comencé el primer ciclo de primaria. Mi profesora se llamaba Pili, y al igual que nosotros se estrenaba como profesora de primero. En ese año conocí a algunos de los que iban a ser mis compañeros de estudio y a otros ya los conocía de Infantil. Recuerdo que como estrenábamos colegio andábamos un poco perdidos. La profesora Pili, además de ser una buena profesora, nos enseñó a ser buenos compañeros, y aunque con altibajos lo seguimos siendo. A mí personalmente me dio durante esos dos años ánimos para que leyese sobre mi pasión "Egipto".



Con muchísima tristeza nos despedimos de la profe Pill para empezar el segundo ciclo de primaria, es decir, tercer curso. Estrenamos ciclo y profesora. Ella se llamaba Paula. Con ella ir a clase era genial, porque siempre tenía muchísimas ocurrencias a la hora de explicar. Hacía que estudiar fuese fácil.

Al año siguiente me llevé un palo cuando me enteré que en cuarto curso ya no nos iba a acompañar. Pero, a Paula la sustituyó una profesora nueva que se llama Cruz, la cual sigue siendo mi tutora.

La primera vez que la vi me dije a mí misma "que serás tú, uff..." pero no es así. La verdad es que lo que pasa es que se preocupa mucho por nosotros y quiere que cada vez nos esforcemos más. Yo soy un poco lenta haciendo las cosas, pero ella siempre me da ánimos para que me apure más y aunque a veces salgo agotada, por dentro me siento muy bien.

Cruz me acompañó en cuarto, quinto y sexto, pero en este último curso también tengo otro profesor que se llama Don Pedro, el antiguo director. A mí me gusta más como profe, es genial.

Durante unos meses a la profe Cruz la sustituyó otra profe que se llamaba Rosa, que se preocupó mucho en que yo rindiese en clase y se lo agradezco pero cuando vi a Cruz entrar de nuevo por la puerta me quedé super feliz.

También he de mencionar que durante estos años tuve muchos profesores especialistas, a los que quiero muchísimo, porque todos me ayudaron pero el profe Manolo, es el profe Manolo.

A mis compañeros, que para mí son los mejores, recordarles una anécdota: cuando Violeta trajo los tacones y nos los pusimos. Ja, ja, ja,...que divertido !!!

Nosotros, vuestros compañeros y compañeras de sexto queremos despedirnos de todos, agradeciendo la amistad y el compañerismo que nos manifestasteis durante estos años. Y a los profesores darles las gracias por ayudarnos a prepararnos para nuestro futuro. Adiós.

Marta 6º.

# OS PEQUES DO COLE



AARÓN

AARÓN



AINHOA

AINHOA



AIXA

AIXA



ANDRÉS

ANDRÉS



BRAIS

BRAIS



EVA

EVA



GABRIELA

GABRIELA



HUGO

HUGO



IRIA

IRIA



IVÁN

IVÁN



JAVIER

JAVIER



J. ANGEL

JOSÉ A.



MANEL

MANEL



MANUEL

MANUEL



NOA

NOA



RAÚL

RAÚL



ROMÁN

ROMÁN



UXÍA

UXÍA



YAIZA

YAIZA



YANIRA

YANIRA



ZAIDA

ZAIDA

## A CLASE DAS XIRAFAS (5º DE E.I.)

O LONGO DESTE CURSO FIXEMOS, RELACIONADO COA ALIMENTACIÓN SAUDABLE:

- Disfraces de mazás e desfile do entroido polas rúas de Beluso.



- Excursión o supermercado Carrefur (Pontevedra) para coñecer os alimentos que alí podemos mercar.





E como non; rematamos cunha merenda moi saudable




- Plantación de patacas nunha veiga dun compañeiro así como na nosa clase:



E despois da longa xornada; A DESCANSAR.



- Excursión a Meiro, aldea do concello de Bueu, onde a Asociación cultural do MILLO CORVO, nos ensinou todo o proceso do cultivo do MILLO; ademais da nosa pequena plantación na aula.



# APRENDICES DE POETA


OS NENOS E NENAS DE 6º  
DE INFANTIL ESTAMOS  
APRENDENDO A FACER  
POESÍA.

O PRIMEIRO QUE TEMOS  
QUE SABER É BUSCAR  
PALABRAS QUE "RIMEN" E  
FACER FRASES CON ELAS.  
AQUÍ VAI UNHA MOSTRA  
DAS QUE FIXEMOS NA CLASE



VÍCTOR  
LARA  
ALEX  
ANXO  
NOEMÍ  
FRAN





SAÚL  
BREIXO  
MANUEL



6º de educación infantil

## "A cociña de primeiro"

Neste curso formidable  
os alumnos de primeiro  
imos facer cociña saudable.

A primeira será Eva  
que chega comendo unha breva.

Aquí vén despois Breixo  
facendo un redondo queixo.

Como é boa cocinera, Lucía Camaño  
prepáranos quisado un año,  
e como non tiña canela  
foi pedirlla a Sabela.

Sara, que estaba observando,  
para ver o que pasaba, foise achegando.

Da sobremesa encárgase Raquel  
preparándonos un rico pastel,  
con un fermoso pexego  
que nos trouxo Diego.

Como este menú non lle agrada, José  
decide prepararse un rico bisté  
que compartirá con Fernando  
porque lle está axudando.

Tamén invitou a Ramón  
porque colleu un delicioso melón.

Un ovo fritido fixo Zulema  
e Andrea comeuse a xema.

¡Ten tanta fame Raúl  
que se comería ata un baúl!  
e ao velo Lucía Pretel  
preparoulle un pastel.

Kevin, que estaba sentado,  
levantouse do sofá, e preparouse un pescado.

E colorín, colorado,  
este menú está rematado.




As nenas e nenos de 2º de Educación Primaria fixemos unha enquisa entre nós, sobre as froitas que más e menos nos gustaron das “merendas saudables”.

Durante eses días, no recreo, tomabamos unha froita distinta cada día. Unhas gustábannos más que outras, pero probámolas todas.

Na enquisa, cada un de nós, puntuamos as froitas de 1 a 5, dándolle **dende 5 puntos á que nos gustara más hasta 1 punto á que menos**.

A continuación temos a **táboa de puntos e a gráfica resultante** desta enquisa.

	MELÓN	PLÁTANO	UVA	MANDAR.	MAZÁ
ALBA	5	4	2	1	3
CARMEN	5	3	2	1	4
GISELA	4	3	5	2	1
CARLOS	5	3	4	2	1
JESÚS	3	4	5	2	1
VÍCTOR	5	2	3	4	1
ARIDANE	5	3	1	4	2
DANIEL	5	4	1	2	3
PABLO	4	2	1	5	3
ANTÍA	5	3	1	2	4
IRIS	1	2	3	4	5
IAGO	1	5	2	4	3
LAURA	1	5	3	2	4
ABEL	1	5	3	4	2
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>	<b>48</b>	<b>36</b>	<b>39</b>	<b>37</b>



# A CASTAÑA




A castaña é o froito do castiñeiro. Este froito preséntase nunha cápsula espiñosa (ourizo) que ten entre 5 e 11 centímetros de diámetro e que consta de dúas a sete castañas.

As castañas foron unha importante fonte de alimentación no sur de Europa, no sudoeste e leste de Asia e, tamén, no leste de Norteamérica.

Pódense comer crúas, asadas, cocidas ou doces. Son ricas en graxas, proteínas, minerais e en vitamina C.



Ourizo



Castiñeiro

# O CASTIÑEIRO

É unha árbore de moito tamaño, de entre vinte e trinta metros de altura, e longa vida, pois moitos teñen máis de cen anos e din que algúns xa pasan dos mil.

As flores, que son de cor amarela e agrúpanse en espiñas, sáenlle no verán; e no outono, o froito, que son os ourizos. No mes de outubro os ourizos rompen ao madurar e deixan saír ás castañas.

É unha árbore de folla caduca e de madeira dura o que fai que se aproveite para fazer mobles, trabes e bocais.

# HISTORIA DA CASTAÑA EN GALICIA

En Galicia existen castañas dende hai miles de anos. Antes de coñecerse aquí as patacas, eran as castañas as que acompañaban a todo tipo de comidas: carne, verzas... Por iso había que coller moitas castañas cando era tempo, pois eran a comida de todo o ano.



Cando chegaba o outono, os veciños ían aos soutos, vareaban aos castiñeiros e metían as castañas en sacos. Despois cada veciño levaba para casa as que necesitaba e colocábaas no cañizo, enriba da lareira, para que fosen secando e non apodrecesen.

Coas castañas que quedaban nos soutos, despois da recolleita, facíase una festa na que participaban todos os veciños. Era o "MAGOSTO".

Hoxe o magosto celébrase ou ben o día de Santos( 1 de novembro ) ou o de San Martiño( 11 de novembro ). Nalgunhas comarcas, os mozos levan o viño e as mozas as castañas; noutras, os mozos levan todo e as mozas van de convidadas. Faise no monte collendo garabullos e faiúsca para asar as castañas. Nalgunhas zonas, non pican as castañas para que estouren e, cada vez que estoura unha, dan un aturuxo.

Hai máis de cen anos apareceu una enfermidade chamada "tinta" que facía apodrecer aos castiñeiros. Deste xeito, morreron miles de árbores e desapareceron a meirande parte dos soutos. Esa é a razón pola que quedan hoxe tan poucos castiñeiros e por iso temos a obriga de coidalos e plantar máis.

# ADIVIÑAS E REFRÁNS CASTAÑEIROS

No alto nacín,  
no alto me vexo.  
Por unha risada,  
perdín a bricada.

Pai agarimoso,  
fillo espiñoso,  
neto amoroso.

Alto está,  
barbas ten.  
Ri e guinda  
o que ten.

Nais altas,  
país peludos  
e fillos cazolos.

No alto estou,  
de ouro vestido.  
Por unha regaña  
perdín aos meus fillos.

Sodes de cor chocolate,  
abrandades coa calor,  
e, se no forno vos meten,  
estourades con grande furor.



Cada moucho ao seu souto.

O que non sabe mañas, non come castañas.

Ramiño de souto, se non vós, será outro.

A castaña no agosto quere arder e no setembro beber.

Castañas no nadan saben ben e parten mal.

Fíate das castañas asadas que, se estouran, sairanche á cara.

Castaña que está no camiño, é do veciño.

Furtando unha castaña e outra castaña faise mala maña.

Castañas, noces e viño, fan ledicia do San Martiño.

Con castañas asadas e viño novo, xa non morre o pobo.

Se o mes de agosto ven claro, bo magosto e bo nabo. Se ven nubrado, pouca castaña e nabo furado

EQUIPO DE TRABALLO: Carlota Bernárdez, Teresa Bernárdez, Andrea Cordeiro, Uxía Docampo, Agustín Moldes, Ainara Otero, Iris Reinosa, Mario Soutullo e Iria Villanueva (3º)

FONTES: Ollo de sapo (colectivo de mestres). O noso monte (comunidade de montes de darbo). Google : refraneiro galego, wikipedia, imáxines de castañas.

# RINCÓN DA POESÍA

## TEÑO UNHA MONECA

Teño una moneca  
que leva zapatos de tacón,  
pantalóns vaqueiros e cinturón  
e gustanlle os lentes de sol.

## O MEU FIEL COMPAÑEIRO, VENTO

Cando recordo  
ao meu can Vento  
recordo ao meu fiel compañeiro.

Nos días outonais  
vereíno navegar polo ceo  
co seu outro amigo, o vento.

Aínda que ás veces  
enfadábame con el  
ao final sempre o perdoaba.

Dedicado a todas as nosas mascotas que estiveron ao longo da vida, dia a día, recordándonos como se portaron con nós e como nos axudaron a ser más felices.

## A NATUREZA

Que bonita é a natureza,  
toda chea de cores  
e de moita beleza.

As bolboretas de cores  
voan polo campo  
e póusanse nas flores.

No seu bolso leva moqueiros,  
un móvil e pintalabios de cor.  
E presumida se senta nun alzadeiro  
da miña habitación.

IRIA VILLANUEVA 3º

Nas noites de lúa chea  
cando todo estea escuro  
lembraíño entre as estrelas correndo.

Estará coma ao meu lado  
como cando íamos os dous xuntos de paseo  
polos montes a xogar.

Sempre te recordarei  
porque eras o meu fiel compañeiro  
o meu fiel amigo, Vento.

TERESA BERNÁRDEZ 3º

Os peixiños do mar  
escóndense nas rochas  
e non paran de nadar.

Todos en compañía  
disfrutan da natureza  
con moita alegria.

IRIS REINOSA 3º

## 8 DE MARZO: DÍA DAS MULLERES

*No mes de marzo, dende a Biblioteca do cole, estivemos investigando a vida de mulleres famosas en profesións moi variadas.*

### FRIDA KAHLO (pintora)



Naceu en México en 1907.

A súa vida quedou marcada polo sufrimento físico que comezou coa poliomelite e continuou con diversas enfermidades, lesións, accidentes e operacións. Este sufrimento vese nas súas pinturas:

*"É imposible separar a vida e a obra desta persoa...as súas pinturas son a súa biografía"*

Estudou na Escola Nacional Preparatoria de México. Estivo casada con Diego Rivera, famoso pintor muralista mexicano. Expuxo as súas obras en Nova York, París, México... Morreu en Coyoacán (México) o 13 de xullo de 1954.

*JORGE E ZAIRA (4º)*

### AMELIA EARHART (aviadora)



Naceu en Atchinson (Estados Unidos) en 1898 e morreu en 1937 no Pacífico Sur.

Fíxose célebre por ser a primeira muller en realizar a **travesía do Atlántico en solitario**, entre o 20 e o 21 de maio de 1932. Completou, esta perigosa viaxe establecendo unha nova marca de velocidade.

Foi tamén a primeira persoa en voar con éxito entre a Illa de Hawaï e o territorio continental de Estados Unidos.


A súa fama permitiulle promover, dende unha postura feminista, a incorporación das mulleres ao campo da aviación.

En 1937 anunciou que intentaría dar a **volta ao mundo**, utilizando unha rota distinta, seguindo a liña do Ecuador, acompañada polo seu copiloto, Frederick J. Noonan.

Tras ter completado 33.000 kilómetros en trinta días, o seu avión desapareceu no Pacífico Sur cando realizaban a penúltima etapa da viaxe.

#### MARÍA E ISAAC (4º)

### MARÍA CALLAS (soprano)



Naceu en Nova York en 1923, pero era de orixe grega.

Está considerada un mito dentro do mundo da ópera, grazas a súa preciosa voz.

Cando tiña 13 anos regresou coa súa familia a Grecia e ingresou no Conservatorio de Atenas, tendo como profesora de canto a Elvira de Hidalgo.

Marchou a Italia para debutar na Área de Verona (1947) coa obra

A Gioconda de Ponchielli. O éxito que obtivo nesas representacións atraeu sobre ela a atención dos teatros italianos que a contrataron para interpretar: Turandot de Puccini, Aida e A forza do destino de Verdi, entre outras obras.

O seu papel como protagonista da Norma de Bellini en Florencia, en 1948, consagrrouna como a gran soprano da súa xeneración.


A década de 1950, estivo chea de grandes éxitos, acadando a súa voz a máxima plenitude.

En 1965 anunciou que se retiraba dos escenarios por a súa fráxil saúde.

Morreu en París en 1977.

#### ADRIÁN E ÓSCAR (4º)

## MARIE CURIE (científica)



Marie Skłodowska naceu o 7 novembro de 1867 en Varsovia (Polonia). Dende moi pequena amosou interese polos estudos. Aos vintecatro anos traslázase a París onde se licencia en Física e Matemáticas e coñece ao que sería o seu marido, Pierre Curie, profesor de Física. Os dous empezaron a traballar xuntos no laboratorio. En 1895, descúbrense os raios X e, en 1896, a radioactividade. Marie é animada por Pierre Curie para que faga a súa tese doctoral sobre este último descubrimento. O 25 de xuño de 1903, Marie, defendeu a súa tese "Investigacións sobre as substancias radioactivas", obtendo o doctorado e a mención cum laude. En 1906 obtén a cátedra de Física na universidade da Sorbona e convértese na primeira muller en impartir unha clase na universidade. Naquela primeira sesión, Marie, falou de RADIOACTIVIDADE. En 1903 recibe o Premio Nobel de Física polas súas investigacións sobre fenómenos de radiación. Entre as súas aportacións a ciencia cabe destacar o descubrimento de novos elementos químicos como o polonio, chamado así en referencia ao seu país de orixe, e o radio que lle supuxeron un novo galardón: Premio Nobel de Química (1910). Marie Curie sempre amosou unha actitude desinteresada, deixando os seus descubrimentos abertos a toda a comunidade científica.

Morreu o 4 de xullo de 1934 en Passy (Francia).

**CLAUDIA RIAL E VICTOR (4º)**

## CLARA CAMPOAMOR (avogada e política)



Naceu en Madrid en 1888 e morreu en 1972 en Lausana (Suiza).

Na súa xuventude desempeñou varios oficios: telefonista, secretaria, empregada de correos... ata que se matricula na Facultade de Dereito e convértese nunha das poucas avogadas españolas da época. En 1931, ao proclamarse a II República, Clara Campoamor foi elixida deputada. Nese momento as mulleres podían ser elixidas, pero non podían ser electoras. Loitou para acabar coa desigualdade por razón de sexo e polo dereito das mulleres a votar (sufraxio feminino).

Mantivo un duro debate ata que en 1933 conseguiu que o Parlamento aprobase o dereito da muller a exercer o voto. Toda esta loita está recollida no libro *Mi pecado mortal. El voto femenino y yo*.

Despois da guerra civil viviu en París, en Buenos Aires e finalmente en Suiza, onde finou aos 84 anos.

Actualmente fánselle moitas homenaxes polas súas aportacións e cada ano concédense os Premios Clara Campoamor a aquelas persoas ou colectivos que loitan pola igualdade da muller.

**CLAUDIA RODRÍGUEZ E ALEX (4º)**

## ROSALÍA DE CASTRO (escritora)



Naceu o 24 de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela.

Os primeiros anos da súa vida pasounos na zona de Padrón.

Aos 13 anos foi vivir a Compostela onde realiza estudos de música e debuxo. Frecuenta o "Liceo de la Juventud" e contacta con intelectuais como Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal.

Aos 19 anos trasládase a Madrid onde publica o seu primeiro libro "La flor" e coñece ao seu marido, o historiador e galeguista, Manuel Murguía.

O 17 de maio de 1863 publica *Cantares gallegos*. Nesta obra amosa as duras e péssimas condicións nas que se encontraba a sociedade galega, ao tempo que reivindica o idioma galego. A importancia deste libro para a literatura galega foi recoñecida anos máis tarde ao elixir a data do 17 DE MAIO para a celebración do DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

En 1880 publica *Follas Novas* que recolle poemas de carácter máis intimista, onde Rosalía expresa os seus sentimentos, como por exemplo no poema "Negra Sombra". Rosalía nunca gozou de boa saude. Morreu en Padrón en 1885, cando tiña 48 anos.


Os seus poemas foron traducidos a moitos idiomas (francés, alemán, ruso, xaponés,) e seguen sendo obxecto de continuos estudos.

**LUCÍA E DANIEL (4º)**

## VALENTÍN PAZ ANDRADE

Este ano, o 17 de maio, día das Letras Galegas, dedícaselle a Valentín Paz Andrade.

### CRONOLOXÍA




- 1898:** Nace o 23 de abril na parroquia de Lérez, en Pontevedra. Nesta cidade vai realizar os estudos primarios e de segunda ensinanza.
- 1916:** Coñece a Castelao en Pontevedra e colabora como xornalista en *La Correspondencia Gallega*.
- 1917:** Trasládase a Santiago de Compostela para estudar Dereito. [...]
- 1927:** Faise cargo do asesoramento da Sociedade de Armadores de Bouzas La Marítima. Colabora en *Industrias Pesqueras*, unha nova revista quincenal fundada por José Barreras en Vigo.
- 1928:** Viaxa á Bretaña. Publica *Los puertos nacionales de pesca en España. Aportación de Vigo al estudio del problema*. [...]
- 1932:** Sofre un atentado na rúa do Príncipe en Vigo.
- 1933:** Profesor auxiliar na Escola Superior de Traballo de Vigo.[...]
- 1938:** [...] O 8 de decembro casa con María Pilar Rodríguez Prada en Ourense.
- 1940:** Nace Alfonso, o seu único fillo.
- 1942:** Sucede a Fernando de Miguel na dirección de Industrias Pesqueras.
- 1945:** Asiduo no faladoiro da Alameda de Vigo.
- 1945:** Viaxa a París.
- 1950:** No verán pronuncia varias conferencias en Bos Aires invitado polo Centro Galego. Visita tamén Montevideo, Sao Paulo, Santos e Río de Xaneiro.
- 1951:** Organiza dende Vigo a Mostra de Pintores Galegos que se celebra en Bos Aires.[...]
- 1955:** [...] Sae do prelo en Bos Aires *Pranto matricial*, dedicado a Castelao.[...]

- 1959:** Sae do prelo na editorial Galicia de Bos Aires *Galicia como tarea*.
- 1960:** Fúndase a empresa Pescanova S.A.; onde é nomeado vicepresidente.[...]
- 1964:**[...] o 7 de xuño é nomeado membro numerario da Real Academia Galega.[...]
- 1968:** Publica *Sementeira do vento*.[...]
- 1978:** En febreiro ingresa na Real Academia Galega[...]
- 1979:** Publica o poemario *Cen chaves de sombra*. Recibe a medalla Cidade de Pontevedra.[...]
- 1982:** Sae do prelo o seu traballo *Castelao na luz e na sombra*.[...]
- 1985:** Publica *Galiza lavra a sua imagen*. O 5 de decembro é nomeado académico de número da Academia Galega das Ciencias.[...]
- 1987:** O 19 de maio falece en Vigo; será enterrado no panteón familiar do seu Lérez natal.[...]

"Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía" Charo Portela Yáñez. Edicións Xerais de Galicia

Chora,Terra, teu pranto matricial  
O que todo galego choraría,  
se inda chorar pudera,  
até cobrir de bágoas o mare



### Valentín Paz Andrade

Galegos, meus irmaos,  
veno de fer co-a morte.  
Sin o agardar unha vez mais atopo  
o ventureiro empalme con a vida.


Estan na singladura do retorno,  
con ollos recuantes na alborada,  
limpano e se tremen en libres oidas,  
pernas reencanadas para andar  
os caminos resucitados.

Veno da morte, irmaos, e no fardel,  
pouco trouxen pra vos:  
cicatrizes de ferro nas palabras



**AGRADECIMENTOS E RECORDOS**

“**De ben nacidos é ser agradecidos**”, con este refrán comezamos os agradecementos a tantas persoas e institucións que fixeron posible que os nenos e nenas do 3º ciclo do CEIP Montemogos de Beluso-Bueu, neste curso 2011-2012, valorasen e se “encariñasen” coa obra dun dos escritores das nosas letras galegas e tamén castelás, **ALVARO PATRICIO CUNQUEIRO MORA**, no centenario do seu nacemento.



Todo comezou buscando información en internet, na páxina do **Consello da Cultura Galega** e cunha visita á vila de **Mondoñedo** o 11 do 11 do 2011.

O primeiro agradecemento vai para **D. Ramón Villares**, presidente do Consello da Cultura Galega e para todos os que fixeron posible esa fantástica páxina de internet coa información **Cunqueiro 2011**, xunto co libro “**Na mesa con Cunqueiro. Antoloxía Gastronómica e Literaria**” de **Miguel Vila Pernas**.



O segundo agradecemento vai para o **Concello de Mondoñedo** e para **Gil da Oficina de Turismo de Mondoñedo**, en especial, que tan amablemente nos proporcionou información e material para o noso traballo e exposición “A alimentación saudable con Cunqueiro”.

Tamén en Mondoñedo agradecer á **Asociación Terras de Miranda** e a **Manuel Tapia Rivero** de “**O Rincón de Mondoñedo**” polos manteis que nos regalou para a exposición e por informarnos da exposición “**No niño novo do vento. Cen anos con Álvaro Cunqueiro**”.

Xa na provincia de Pontevedra, agradecer á **Fundación Penzol**, principal centro de documentación e estudio da literatura e historia de Galicia que ten como un dos seus

obxectivos dotar a Galicia dun centro de estudos e documentación especializado en lingua e literatura galega, e como non ao seu presidente **D. Francisco Domínguez** polo bo acollemento e as explicacións que nos dirixiu cando visitamos a exposición de Cunqueiro "No niño novo do vento" na Casa Galega da Cultura de Vigo o 17 de xaneiro de 2012 e tamén por enviarnos as fotos desa visita. GRAZAS D. FRANCISCO por ese cariño e amor que desprende cando fala da nosa literatura e dos nosos escritores.



Por último, un agradecemento especial á **Editorial Galaxia**, a **Teresa e a Víctor F. Freixanes** por toda a información e polo material.

#### A TODOS MIL GRAZAS.



\*Algunhas fotos do traballo e dos actos aos que acudimos.

**Libro e páxinas web moi interesantes:**

“Na mesa con Cunqueiro. Antoloxía ‘Gastronómica e Literaria’ de Miguel Vila Pernas.

Herdeiros de Álvaro Cunqueiro. Consello da Cultura Galega. Editorial Galaxia. 2011

[www.consellodacultura.org/cunqueiro2011](http://www.consellodacultura.org/cunqueiro2011)

[www.mondonedo.net](http://www.mondonedo.net)

[www.terrasdemiranda.es](http://www.terrasdemiranda.es)

[www.editorialgalaxia.es](http://www.editorialgalaxia.es)

*Os mestres do CEIP Montemogos salientamos o gran cariño e aprecio á obra e persoa de D. Álvaro que xurdíu nos nosos alumnos e que sin a axuda de todas estas persoas, institucións, actos, etc... non sería posible.*

**RECORDAMOS a D. Luis F. Miranda,** Científico Titular do CSIC no Instituto de Astrofísica de Andalucía - Universidade de Vigo, que o pasado 13 de maio de 2011 tivo a amabilidade de impartirnos unha charla-coloquio no noso centro titulada: “A vida dun astrónomo: realización de observacións astronómicas”; charla acompañada con fotos dos Observatorios da Silla (Chile), de Calar Alto (Almería) e do Observatorio de Parkes (Nueva Gales del Sur, Australia).

Tamén lle agradecemos que nos facilitara información para que visitásemos o Observatorio Astronómico de Forcarei, observatorio que logrou fotografías dunha supernova descuberta en abril de 2011, situada a 42 millóns de anos luz de distancia.  
GRAZAS.



# PABLO PICASSO

Pablo Ruiz Picasso naceu en Málaga en 1881, morreu en Mougins, Provenza en 1973. Foi pintor, debuxante, grabador, escultor e ceramista.

En 1891 instalouse coa súa familia na Coruña. Entre 1900 e 1904 viaxou a París e comezou a época azul, na que predominou personaxes mariñados e cores azuis.

En 1904 estableceuse en París e comezou a época rosa onde predominaron bailarinas e acróbatas e cores rosas e grises. Con *Les demoiselles d'Avignon* en 1907 abriu as portas ao cubismo xeométrico. Baseáse nos principios científicos, e caracterízase por empregar formas xeométricas (círculos, triángulos etc.) e polas perspectivas simultáneas (pintar o cuadro desde distintos lugares, polo que se ve un rostro de frente e de lado a un tempo).

En 1937, pintou a Guernica para o pavillón español da Exposición Universal de París.

Foi inspirado no bombardeo da poboación vasca de Gernika.

Picasso realizou un alegato contra todo conflito bélico, pois as persoas que representa, como a pomba, a muller co quinqueño, o touro, o cabalo e o sol tienen un carácter simbólico atemporal.

Cunha composición triangular empregou o branco, o negro e o gris.




ANA QUEIMAÑO

## CREANDO PERSONAXES

Con motivo da SEMANA DA PRENSA (12-16 de Marzo) na clase de plástica estivemos traballando con periódicos e revistas.

A partir de recortes, fotos e moita imaxinación xurdiron os nosos personaxes.


Estes son algúns deles:





AINARA-3º



HÉCTOR-5º







HOLLYWOOD




ANA-6º



ALBA-5º




SABELA-6º



CLARA-3º

PREMIOS  
Goya



CARLOTA-3º




RAQUEL-6º

JIMMY CHOO

EUG LINN



VIOLETA-6º



MIGUEL-6º



## PARA NÓS A MEDIACIÓN É...

**Os mediadores son persoas que che axudan a resolver os problemas ou conflitos, no recreo cos teus compañeiros.**

**As tres cousas que teñen que facer son:**

1. Escoitan distintas versións.
2. Falan sobre a raíz do problema.
3. Deciden o que facer.

**Algunhas veces os mediadores, non deben ser necesarios, porque recordade que non vos debedes pelejar, porque a violencia non vai a ningunha parte.**

**Fai tempo tivemos un problema. Ímos contárvolo:**

Os nenos (de infantil) acostumbráronse a vernos polo patio e comenzaron a non férnos respeito e deixáronos de facer caso, entón, falamos coa orientadora (Dna. Vanessa) e entre todos tivemos a idea de non ir durante unha semana ao patio dos pequenos. Iso deu resultado e agora os nenos non nos tratan coma sarxentos pero téñennos respeito. Estamos moi content@s con eles porque dende que empezou o curso comenzaron a comportarse moi ben, ata os de 3 anos!



Raquel, Sabela

Para nós a mediación é como se os nenos foran nosos irmáns: hai que coídalos para que non se pelexen e non se fagan dano. Cando os nenos teñan un problema nos teñen que chamar e se non nos coñecen coñecerános polo paño verde.

Exemplo: un día no recreo dous nenos peleáronse porque un tiroulle o bocadillo e outro neno veu a xunto de nós e o solucionamos.

1. Primeiro dicímoslle a un que fale para explicarnos o seu problema.
2. Segundo dicímoslle ao outro que fale.
3. Terceiro entre eles poñen un remedio para solucionalo.



Christian, Rubén

Para nós a mediación é:

Un medio de arrancar conflitos no patio sen violencia e conversando cos demás para chegar a unha solución entre as dúas persoas.

Nos coñecerán pola pañoleta verde que temos.

Como por exemplo dous nenos que se peleáron no patio e non chegaban a facer as paces, chegamos os mediadores e lles preguntamos se tiñan algunha solución pero como non tiñan ningunha solución, conversamos con eles ata que chegaron á solución de que darse a man e nunca máis volverían pelejar.



Ana, André

# A mediación

A **mediación escolar** é un xeito pacífico de resolver os conflitos entre persoas no que contas cunha terceira parte (os mediadores/as) que axuda a chegar a unha **solución mediante o diálogo**.

Aínda que non é doado falar coa persoa coa que se está enfadado/a, os mediadores/as tratan de que aclaren o problema, verbalicen os seus sentimientos e cheguen a acordos sen a presenza dun adulto.

Aquí tedes unha fotografía do noso equipo de mediación deste curso e na seguinte páxina nos relatan o que entenden por mediación.



Departamento de Orientación

## REIXIÓN CATÓLICA

Estas foron algunas das cousas que fixemos este ano :

### NADAL 2011

Fixemos adornos para colgar na nosa árbore de Nadal, así foi como quedaron:



O mellor adorno de Nadal é un gran sorriso.



### TRABALLAMOS O TEMA DA IGUALDADE

Os nen@s de 2º de Primaria traballamos, na clase de Relixión Católica, o tema da **IGUALDADE** a través dun conto: **TRIP, O GUSANO VIAXEIRO**. Entre todos, coloreamos o conto, contamos o que máis nos gustou e por último debuxamos a TRIP.



## TRABALLOS DE INFANTIL

Estes son algúns dos traballos que fixeron os nen@s de infantil:


"A Creación"



"A ovella perdida"



"A morte e resurrección de Xesús"



## OVOS DE PASCUA

Todos os nen@s do colexio decoramos unhas tarxetas con ovos de pascua. Aí as tedes:




3 ANOS:



**4 ANOS:**



5 ANOS:



1º PRIMARIA:2º PRIMARIA:3º PRIMARIA:

4º PRIMARIA:5º PRIMARIA:6º PRIMARIA:



# LETRAS GALEGAS 2012



# FIADEIRO

